

Neste Plan de  
Continxencia veñen  
especificadas as medidas en  
caso de suspensión da  
actividade lectiva, as medidas  
para facer efectivo o ensino a  
distancia e os supostos de  
reactivación da actividade  
lectiva presencial, de  
conformidade coas  
instrucións da autoridade  
sanitaria

## PLAN DE CONTINXENCIA

CEIP MARTAGONA

Curso 2020-2021

---



## Indice

1. CONTEXTUALIZACIÓN .....	2
2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO .....	2
3. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL .	5
4. MEDIDAS PARA O REINICO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL .....	6
5. ANEXO: HORARIOS NO CASO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.....	6

## 1. CONTEXTUALIZACIÓN

Segundo o PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021 VERSION 16- 09-2020 publicado pola Consellería de Educación, o centro educativo elaborará un “Plan de Continxencia” no que se establecerán a medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula, etapa educativa ou centro.

## 2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO

- 2.1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- 2.2. É compromiso individual e particular de toda a Comunidade Educativa a realización previa da autoenquisa valorativa sobre a presentación de síntomas compatibles coa COVID-19 antes de asistir ao centro educativo así como de poñer en coñecemento do Equipo COVID do centro tal circunstancia. Esa autoenquisa non deberá presentala no centro. (Anexo Plan de Adaptación)
- 2.3. Os proxenitores do alumnado firmarán a principio de curso unha declaración responsable sobre a realización deste control dos síntomas do Corona virus antes da saída da casa. A medición da temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.
- 2.4. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual ( espazo de illamento), colocárselle unha máscara cirúrxica (tanto ao

que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

- 2.5. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- 2.6. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de Corona virus no centro tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo, ( sen prexuízo do uso da canle informática sinalada no punto 2 do protocolo).
- Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a Xefatura de Sanidade.
- 2.7. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- 2.8. Tras a aparición dun caso diagnóstico da COVID 19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.
- 2.9. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa

comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

2.10. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

2.11. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

2.12. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## **POSIBLES ESCENARIOS NO PRESENTE CURSO**

### **a) Escenario 1**

Escenario normal no que non é necesario manter a distancia social.

O funcionamento do centro axustarase á organización mantida ata o curso 2019-2020. Non obstante, e se como consecuencia da situación de indefinición que se está a vivir, ao comezo do curso o centro contara con máis profesores/as, intentará aproveitalo en dúas direccións.

- Diminución da relación nos cursos con maior número de alumnado.
- Individualización do ensino para recuperar / fortalecer a aprendizaxe do alumnado que se viu máis afectado como consecuencia da suspensión das actividades docentes no terceiro trimestre do curso académico 2019-2020.

### **b) Escenario 2**

Escenario no que contamos cun alumnado en illamento dentro da mesma aula, ben por casos do centro ou externos ao mesmo e coa asistencia do resto do grupo.

Estudarase cada caso concreto a nivel individual para prover o dereito á educación do alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática, adoitando as medidas máis

axeitadas en función das súas necesidades e segundo a situación familiar que se presente.

Manterase o contacto entre a familia e o centro e viceversa.

**c) Escenario 3**

Centro pechado (en caso de crecemento a nivel xeral ou con fontes de contaxio localizadas).

### **3. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado **a través da aula virtual de cada grupo, canto menos de 3º a 6º de primaria**. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
2. A canle de comunicación oficial do centro será a páxina web do mesmo, así como Abalar móbil, o correo electrónico consignado na documentación e os teléfonos.
3. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
4. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
5. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
  - a) Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia a través dos medios mencionados con anterioridade.

- b) Uso da aula virtual nos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- d) Realización de tarefas de desinfección profundas no centro, segundo as instrucións das autoridades sanitarias.
- e) Revisión do protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.
- f) Coordinación co profesorado implicado nas quendas de organización das fases.

#### **4. MEDIDAS PARA O REINICO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Chegados a este punto, seguirase o establecido no Punto 8.4 do *Protocolo de adaptación á situación COVID*:

*“8.4. Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.”*

#### **5. ANEXO: HORARIOS NO CASO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

Neste documento recóllese o procedemento a seguir no caso de que a situación sanitaria provocada pola COVID implique un confinamento e, polo tanto, a necesidade da docencia a distancia.

#### **ACTUACIÓNS DURANTE O COMEZO DO CURSO**

Realización de cursos de formación para o profesorado para poder proporcionar a información que precisen as familias para o uso da aula virtual.

Incidiremos na necesidade de descargarse as aplicacións de uso educativo coa maior celeridade posible, para estar preparados a afrontar a situación desde o comezo.

No referido ás familias, coñecer a situación de medios e recursos dos que dispoñen para seguir a educación a distancia.

Crearemos un curso na aula virtual para cada área para os niveis de 3º,4º,5º e 6º de Educación Primaria, onde o profesorado traballe conxuntamente por materias con esta nova ferramenta.

Os cursos de cada unha das materias estarán organizados por niveis educativos.

A totalidade do alumnado e do equipo docente foi matriculado nas Aulas Virtuais correspondentes.

A partir de outubro, iniciárase un proceso no centro de iniciación ao uso da Aula Virtual. O profesorado participará, cando menos, nun curso de formación inicial, así como nun grupo de traballo que versará sobre o uso das nomeadas ferramentas.

Polo que respecta ao alumnado, realizaranse prácticas tanto no centro como nas casas para que acaden a competencia necesaria no seu uso.

### **ORGANIZACIÓN NO CASO DA DOCENCIA A DISTANCIA**

- ❖ Empregaremos a aula virtual como recurso, así como as ferramentas de comunicación que nos ofrece a Consellería (xa nomeadas anteriormente)
- ❖ A organización dos cursos da Aula Virtual seguirá unha estrutura semanal ou temática.
- ❖ Continuaremos coa temporalización programada, con carácter xeral, nas programacións didácticas.
- ❖ Os contidos a traballar serán os mínimos establecidos para cada unidade.

A avaliación farase a través da entrega de diferentes traballos e tarefas e coa realización de probas de avaliación. Estas probas poderán facerse a través da aula virtual ou de xeito presencial cando se regrese ao centro.



## COMUNICACIÓN CO ALUMNADO E COAS FAMILIAS

A comunicación co alumnado e coas familias respectará o recollido no protocolo do centro e será de xeito telemático mediante as diferentes ferramentas e canles oficiais.

- **Abalar:** para comunicacións e avisos.
- **Cisco Webex ou as diferentes ferramentas e canles oficiais** para videoconferencias e/ ou titorías telemáticas.
- Chamadas telefónicas soamente no caso de que non haxa outra vía de comunicación.
- Correo electrónico

## ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSEÑANZA TELEMÁTICA

Estudarse cada caso concreto a nivel individual para prover o dereito á educación do alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática, adoitando as medidas máis axeitadas en función das súas necesidades.

No suposto que un alumno ou alumna este confinado mandarase o traballado mediante o correo electrónico ou aula virtual, de maneira individual.

## HORARIOS DOS GRUPOS

Tal e como recolle a actualización do Protocolo de ensino a distancia publicado recentemente, os horario a seguir (horarios espello) seguirán unha organización das áreas similar á que se segue no ensino presencial.

En canto á duración dos períodos lectivos, establece que, canto menos, un 60% da sesión se dedicará á docencia directa co alumnado, e o 40% ao traballo persoal do alumnado.

Polo tanto, seguiremos a seguinte estrutura temporal para cada unha das sesións:

- Os primeiros 30 minutos dedicaranse á docencia telemática.
- 15 minutos de traballo individual do alumnado.
- 5 minutos de desconexión e conexión coa seguinte área.

Con carácter xeral, a asistencia ás sesións non presenciais será obrigatoria; no caso de non asistencia computarase a falta seguindo o procedemento habitual.



---

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**C.E.I.P. MARTAGONA**

Teléf -881866149

R/ Martagona sn  
Fax-881866150

15.800 MELIDE (A Coruña)  
E-mail- ceip.martagona @edu.xunta.es

---

A este respecto, cabe destacar que estas ausencias poderán ser xustificadas polas nais, pais ou titores legais como de costume. Así mesmo, teranse moi en conta as posibles dificultades e/ou imposibilidades de conexión.

**Inclúense, a continuación, os horarios dos grupos de 3º, 4º, 5º e 6º:**

3º Ed. Primaria					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.45-9.35	MATEMÁTICAS	L. GALEGA	Inglés	C. NATUREZA	L. CASTELÁ
9.35-10.25	Inglés	MATEMÁTICAS	C. SOCIAIS	L. GALEGA	Inglés
10.25-11.15	L. GALEGA	Ed. Física	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS	C. SOCIAIS
11.15-11.45					
11.45-12.05					
12.05-12.55	C. SOCIAIS	C. NATUREZA	MATEMÁTICAS	Música	L. GALEGA
12.55-13.45	PLÁSTICA	L. CASTELÁ	RELIXIÓN/ALT.	L. CASTELÁ	Ed. Física

4º Ed. Primaria					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.45-9.35	MATEMÁTICAS	C. Sociais	L. CASTELÁ	L. GALEGA	C. Sociais
9.35-10.25	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS	Inglés	MATEMÁTICAS	L. CASTELÁ
10.25-11.15	C. Natureza	L. CASTELÁ	L. GALEGA	RELIXIÓN/ALT.	Ed. Física
11.15-11.45					
11.45-12.05					
12.05-12.55	Inglés	Ed. Física	MATEMÁTICAS	Inglés	L. GALEGA
12.55-13.45	L. GALEGA	LIBRE CONFIGURACIÓN	C. Natureza	PLÁSTICA	Música

5º Ed. Primaria					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.45-9.35	RELIXIÓN/ALT.	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	Ed. Física	MATEMÁTICAS
9.35-10.25	L. CASTELÁ	Inglés	L. CASTELÁ	L. GALEGA	L. CASTELÁ
10.25-11.15	MATEMÁTICAS	L. GALEGA	C. SOCIAIS	MATEMÁTICAS	Inglés
11.15-11.45					
11.45-12.05					
12.05-12.55	L. GALEGA	C. NATUREZA	L. GALEGA	C. NATUREZA	Música
12.55-13.45	Ed. Física	L. CASTELÁ	Inglés	C. SOCIAIS	PLÁSTICA

6º Ed. Primaria					
	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8.45-9.35	MATEMÁTICAS	Inglés	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	Ed. Física
9.35-10.25	RELIXIÓN/ALT.	MATEMÁTICAS	C. SOCIAIS	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS
10.25-11.15	C. SOCIAIS	C. NATUREZA	L. CASTELÁ	Inglés	L. GALEGA
11.15-11.45					
11.45-12.05					
12.05-12.55	L. CASTELÁ	L. GALEGA	Ed. Física	C. NATUREZA	Inglés
12.55-13.45	Música	LIBRE CONFIGURACIÓN	L. GALEGA	C. SOCIAIS	PLÁSTICA

\*En cada materia, os primeiros 30 minutos serán de ensino telemático, 15 minutos de traballo persoal do alumnado e 5 de desconexión e conexión coa seguinte sesión.

\*As titorías de nais/pais e alumnos efectuaranse no horario habitual (martes de 16:00 a 17:00 horas), previa cita a través de abalarmobil.

## EDUCACIÓN INFANTIL, 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

No caso que durante o transcurso do curso escolar 2020-2021 tiveramos que confinarnos por mor da COVID, as medidas organizativas serían as seguintes:

- Empregaríamos a aula virtual do centro para continuar coa ensinanza a distancia. De pórse en marcha esta medida enviaríamos ás familias un videotutorial para facilitar o acceso a esta plataforma.
- Cada nivel creará un curso na aula virtual para as diferentes materias.
- Seguiríamos priorizando a programación e utilizando o libro do alumnado. A través de vídeos de creación propia explicaríamos as tarefas a realizar con actividades de reforzo e ampliación.
- Realizaríamos pequenas probas de seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe a través do envío de tarefas, audicións, gravacións....
- Ao regreso á aula, levarse a cabo unha sinxela avaliación sobre a materia e contido traballado na casa.
- Usaríamos a ferramenta de CISCO WEBEX ou outras canles corporativas para comunicarnos co alumnado (dúas veces por semana, segundo as posibilidades das familias podería ser máis frecuente ou menos).
- As titorías coas familias serían preferentemente de forma telemática ou telefonicamente.

Durante o **período de non confinamento** iremos desenvolvendo a aula virtual, así como familiarizando ao alumnado no seu uso.

No caso de que unha alumna ou alumno quede confinado empregariamos o teléfono ou correo electrónico como medios de comunicación e de envío de tarefas (este último).

Durante o transcurso do curso no tempo en que se poida aplicar unha ensinanza presencial, levaranse a cabo as diferentes medidas organizativas, de limpeza e hixiene recollidas tanto no protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021, como non específico para o centro.